

**Revista** GALEGA  
de filoloxía

# *monografía* **11**

*María Álvarez de la Granja*

*Ana Boullón Agrelo*

*Ernesto González Seoane (editores)*

# **Aproximacións á variación lexical no dominio galego-portugués**

---

**Director:** Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

**Subdirector:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretario:** Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

**Edita:** Área de Filoloxías Galega e Portuguesa  
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

**Depósito Legal:** C 1237-2017

**ISBN:** 978-84-9749-669-8

**Distribúe:** Consorcio Editorial Galego: [pedimentos@coegal.com](mailto:pedimentos@coegal.com)

**Deseño:** Torné Asociados

**Maquetación:** Antonio Souto

A EDICIÓN E PREPARACIÓN DESTE LIBRO FOI FINANCIADA PARCIALMENTE CUNHA AXUDA DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES (XUNTA DE GALICIA - FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL) AO GRUPO DE INVESTIGACIÓN FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA GALEGA (USC).

## Índice

Limiar <i>Maria Álvarez de la Granja / Ana Boullón Agrelo / Ernesto González Seoane</i>	7-9
Varição lexical açoriana: estudo dialetométrico do Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores <i>Fernando Brissos / Raïssa Gillier / João Saramago</i>	11-28
Outros <i>Caminhos de Santiago...</i> os da Bahia (Brasil) <i>Suzana Alice Marcelino Cardoso / Ana Regina Torres Ferreira Teles</i>	29-42
O campo semântico <i>corpo humano</i> no <i>Atlas Geossociolinguístico Quilombola do Nordeste do Pará</i> e no <i>Atlas Linguístico do Pará</i> <i>Marcelo Pires Dias / Marilúcia Barros de Oliveira</i>	43-67
Vesgo, zarolho ou estrábico? O que dizem os dados do ALiB das regiões Norte e Sul do Brasil <i>Juliany Fraide Nunes e Aparecida Negri Isquerdo</i>	69-88
Novos caminhos na morfologia lexical do Português: perspetiva histórica <i>Maria José Carvalho</i>	89-114
O vocabulário dos tecidos no banco de textos do <i>Dicionário Histórico do Português do Brasil – séculos XVI, XVII e XVIII</i> : um recorte lexicográfico <i>Clotilde de Almeida Azevedo Murakawa</i>	115-131
Arabismos no galego? <i>Juan A. Thomas</i>	133-147
Notas sobre toponímia portuguesa medieval <i>Maria Alice Fernandes / Esperança Cardeira</i>	149-174
Hagiotoponímia no Brasil: resultados de pesquisa <i>Ana Paula Mendes Alves de Carvalho / Maria Cândida Trindade Costa de Seabra</i>	175-194



---

**Limiar**

---

Este volume reúne unha selección de nove contribucións que analizan, desde perspectivas diferentes e con metodoloxías así mesmo diversas, aspectos relacionados coa variación lexical no galego, no portugués europeo e no portugués brasileiro. Os textos comparten, ademais, outro elemento común: o feito de partiren de traballos presentados en *Gallaecia - III Congreso Internacional de Linguística Histórica*, que se celebrou entre os días 27 e 30 de xullo de 2015 en Santiago de Compostela en homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina.

Aínda que o volume non está formalmente dividido en seccións, as contribucións que o integran preséntanse agrupadas e ordenadas en función da súa afinidade temática. Un primeiro grupo está constituído por traballos do ámbito da xeografía lingüística, un deles encadrable na dialectometría, os outros tres na dialectoloxía clásica.

No primeiro, “*Variação lexical açoriana: estudo dialetométrico do Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores*”, elaborado por Fernando Brissos, Raísa Gillier e João Saramago, preséntase unha proposta de clasificación dialectal dos Azores a través dunha análise dialetométrica. Esta baséase nos datos lexicais recollidos nos dezasete puntos que constitúen a rede do *Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores*. Os resultados permiten establecer unha primeira división lingüística e unha subdivisión en nove grupos, que coinciden con cada unha das illas que conforman o arquipélago.

Os outros tres traballos que integran este bloque adoptan un enfoque máis tradicional ou clásico. Así, o asinado polas profesoras Suzana Cardoso e Ana Regina Teles, “*Outros Caminhos de Santiago... os da Bahia (Brasil)*”, analiza a distribución no estado da Bahia dos resultados obtidos para o concepto ‘vía láctea’ en dúas obras capitais da xeografía lingüística brasileira: o *Atlas Prévio dos Falaes Baianos* (publicado en 1963 sobre datos obtidos nos comezos dos anos 60) e o *Atlas Linguístico do Brasil* (cuxos dous primeiros volumes viñeron a lume en 2014 con materiais colectados nos comezos do século XXI).

A seguir, Marcelo Pires Dias e Marilúcia Barros de Oliveira analizan e comparan en “O campo semântico *corpo humano* no *Atlas Geossociolingüístico Quilombola do Nordeste do Pará* e no *Atlas Lingüístico do Pará*” os resultados obtidos para este ámbito temático en ambos os dous atlas. A primeira das obras citadas recolle as variedades lingüísticas dos quilombolas, descendentes dos africanos escravizados no Brasil durante os séculos XVII, XVIII e XIX. O obxectivo fundamental é contrastar a presenza de formas de orixe africana en comunidades quilombolas e non quilombolas.

O grupo de traballos sobre xeografía lingüística péchase coa contribución de Juliany Fraide Nunes e Aparecida Negri Isquierdo, “*Vesgo, zarolho ou estrábico? O que dizem os dados do ALiB das regiões Norte e Sul do Brasil*”. As autoras analizan as diferentes designacións encontradas para as persoas estrábicas nas rexións brasileiras sinaladas. Os datos, inéditos e extraídos do *Atlas Lingüístico do Brasil*, analízanse desde o punto de vista distribucional, etimolóxico, semántico e lexicográfico.

O segundo grupo reúne tres traballos elaborados desde unha perspectiva diacrónica, pois están centrados no estudo histórico ou etimolóxico do léxico.

En primeiro lugar, a profesora Maria José Carvalho ofrécenos en “Novos caminhos na morfologia lexical do Português: perspetiva histórica” un documentado estudo sobre a evolución e produtividade dunha serie de sufixos, a maior parte deles formadores de substantivos e adxectivos. Parte para iso de formas derivadas extraídas de textos datados entre 1289 e 1565 pertencentes ao corpus documental do mosteiro de Santa Maria de Alcobaça.

En “O vocabulário dos tecidos no banco de textos do *Dicionário Histórico do Português do Brasil – séculos XVI, XVII e XVIII: um recorte lexicográfico*”, a profesora Clotilde de Azevedo Murakawa parte dun conxunto de oitenta e tres unidades lexicais designadoras de tecidos ou panos, extraídas do corpus documental compilado para a elaboración do citado dicionario histórico, e centra a súa análise nunha selección dalgunhas destas voces, con especial atención á súa fortuna lexicográfica.

O terceiro traballo encadrable neste grupo, “Arabismos no galego?”, asinado por Juan A. Thomas, analiza desde unha perspectiva crítica unha listaxe de dezasete formas exclusivas do galego consideradas arabismos no *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance* (Corriente, 1999). As voces, das cales só sete son clasificadas polo autor como arabismos directos, son estudadas etimolóxicamente e semanticamente e nesta análise pónense en relación con outras formas das restantes linguas peninsulares, especialmente do castelán e do portugués.

O último dos grupos toma como base o material toponímico, adoptando unha perspectiva histórica e analizando os resultados dialectais en territorio portugués e brasileiro, respectivamente.

No traballo de Maria Alice Fernandes e Esperança Cardeira, “Notas sobre toponimia portuguesa medieval”, realízase un achegamento á paisaxe toponímica da Idade Media portuguesa, poñéndoa en relación cos fenómenos de repoboación na época da Reconquista. A tal fin, as autoras estudan a toponimia dos asentamentos rurais (exemplificando cos descendentes e derivados de diferentes voces, como as latinas QUINTANA ou CASALE), así como os topónimos con orixe en (MALA) MATTIANA. É de destacar o uso de programas de xeorreferenciación toponímica, que permite a elaboración de mapas que ilustran eficazmente o traballo.

Finalmente, Ana Paula Mendes Alves de Carvalho e Maria Cândida Trindade Costa de Seabra presentan en “Hagiotoponimia no Brasil: resultados de pesquisa” as conclusións dun estudo descritivo dos haxiotopónimos no estado brasileiro de Minas Gerais, vinculado ó proxecto *Atlas Toponímico do Estado de Minas Gerais*. No traballo téñense conta os datos actuais e os fornecidos por mapas históricos dos séculos XVIII e XIX, o que permite descubrir que os haxiotopónimos constitúen máis do 6% do total de voces toponímicas actuais, así como a súa diminución a través dos tempos. Analízanse tamén as distintas proporcións de nomes de santos, santas e advocacións marianas.

Os nove traballos que conforman este volume constitúen unha mostra evidente da pluralidade de perspectivas (e métodos) con que se pode abordar a variación lexical, así como da diversidade de criterios selectivos que se poden empregar, illadamente ou en combinación, para o establecemento de obxectos de estudo abarcables polo investigador: o criterio semántico, distribucional, designativo, etimolóxico, formal, textual... Son nove interesantes aproximacións que nos abren novos camiños no terreo do léxico galego e portugués e que nos revelan o carácter poliédrico das palabras, a súa riqueza e a súa complexidade.

*María Álvarez de la Granja  
Ana Boullón Agrelo  
Ernesto González Seoane*